

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/39	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria-Urxente
Data	15 de decembro de 2023
Duración	Dende as 13:28 ata as 13:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación da urxencia da convocatoria	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

Expediente 1969/2023. Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción). CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada 2023-E-RC-4758, de data 07 de decembro de 2023, en relación o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para dar continuidade ao servizo de retirada de vehículos abandonados, comunicando que está próximo a finalizar o contrato que regula este servizo (31 de decembro de 2023) e que é necesario proceder a unha nova licitación e actualizar os convenios asinados no seu día para recoller as prescricións técnicas dun servizo cuxa prestación non suporá custo económico algún para este Concello, ao igual que nos anos anteriores.

Visto o borrador do convenio de colaboración remitido, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS, co seguinte texto:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Don Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

D./Dna. ., en representación do Concello de . actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes interveñen no exercicio das competencias que lle están legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente capacidade legal necesaria para obrigarse, e en especial para formalizar o presente

Convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

1. A recollida de vehículos abandonados e a súa posterior xestión é unha competencia propia dos Concellos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, no artigo g da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ou no artigo 106 do Real Decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico.

2. Pola súa banda, a Deputación Provincial de Pontevedra ten entre os seus fins garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como dar soporte aos concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumindoas cando aqueles llas encomenden.

3. En relación co anterior a Deputación de Pontevedra, consciente da problemática existente neste eido, prestou nestes últimos anos o servizo de retirada de vehículos abandonados nos Concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes a través dunha empresa externa, previa adhesión dos Concellos a este servizo mediante a subscrición do oportuno convenio de colaboración.

4. Próximo a finalizar o 31 de decembro de 2023 o contrato que regula este servizo, é necesario proceder a unha nova licitación e actualizar os convenios de colaboración asinados no seu día para recollera s novas prescricións técnicas deste contrato.

En atención ás consideracións que preceden, os intervinientes, en virtude da representación que ostentan, acordan subscribir o presente Convenio que se rexerá conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO DO CONVENIO

Este Convenio ten por obxecto regularas bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de... para a recollida e posterior tratamento dos vehículos abandonados ou fóra de uso que se atopen no seu termo municipal, que se levars a cabo pola empresa adxudicatária do servizo tras a debida tramitación administrativa presentada polo Concello.

Segunda.- PRESTACIÓNS

a) Obrigas da empresa adxudicatária

A empresa adxudicatária, de acordo co disposto no contrato suscrito coa Deputación Provincial de Pontevedra, comprométese ao seguinte:

* A recoller e transportar ata as súas propias instalacións, a solicitude do concello, os vehículos abandonados que conforme ás disposicións vixentes se consideren residuos domésticos; tanto os que se atopen nas vías públicas, como en cunetas, montes, espazos privados ou depósitos dos concellos. Ditas instalacións deberán dispoñer das correspondente licenzas.

** A retirar o vehículo abandonado do depósito ou rúa onde se atopen nun prazo máximo de 5 días a contar desde o requirimento feito por parte do concello, sempre que a tramitación administrativa municipal correspondente estea correctamente resolta.*

** A someter aos vehículos retirados, unha vez finalizados os trámites correspondentes, a procesos de desmonte e descontaminación para a súa xestión segundo o disposto no Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil e polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (en adiante RD 265/2021), ou en calquera normativa en vigor durante a vixencia do contrato.*

** A facer chegar a cada concello a listaxe e xustificante dos vehículos que fosen descontaminados e dados de baixa no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.*

** A non superar o prazo máximo de depósito do vehículo nas sas instalacións previo á descontaminación do vehículo*

** A entregar cada un dos residuos derivados do vehículo a xestores autorizados levando un control de cada un deles.*

** A expedir, como centro autorizado de tratamento, para cada vehículo retirado (incluíndo 'os matriculados noutros países), o correspondente certificado de destrución que acredite o final da vida útil do vehículo, dando lugar á súa inmediata descontaminación como residuo perigoso. Así mesmo, encargarse da tramitación da baixa definitiva en circulación do vehículo no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico (DXT) presentando ante a Administración os certificados de destrución dos correspondentes vehículos e acreditar a realización do trámite emitindo a documentación necesaria ao concello do cal se trasladou o vehículo abandonado.*

** A contar coa autorización como centro autorizado de tratamento de vehículos ao final da súa vida útil debendo cumprir con todos os requirimentos técnicos de explotación e de actividade, e todosos requisitosde control recollidos na resolución de autorización.*

** A adoptar, en caso de que a adxudicataria ou persoal dependente dela incorra en actos ou 'omisións que comprometan ou perturben a boa marcha da execución do contrato, medidas concretas e eficaces para conseguir restablecer a boa orde e ritmo na execución do pactado cando así llo esixa a Deputación de Pontevedra.*

** A indemnizar os danos e prexuízos que se lle causen a propios efou terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, é dicir, as relativas á retirada, transporte, descontaminación e reciclaxe dos vehículos.*

** A estar en posesión do Certificado de identificación electrónica para realizar a baixa do vehículo via telemática ante a Xefatura Provincial de Tráfico.*

** A facerse cargo dos gastos e impostos derivados do contrato e calquera gasto que resulte de aplicación.*

** A prestar o servizo sen ningún coste económico para o concello adherido ao convenio.*

** A preparar os distintos protocolos de actuación que deberán ser postos a disposición do persoal responsable do concello para a retirada dos vehículos considerados abandonados dependendo da situación dos mesmos (abandonado en vía pública, localizado en depósito municipal, vehículo sen matrícula, inmovilizados para outra administración, etc.)*

* A dispoñer dos medios técnicos e humanos necesarios para prestar o servizo, debendo contar para iso como mínimo con:

- Un vehículo guindastre para realizar a recollida dos vehículos e un operario condutor ou, no seu caso, a contratación dun servizo externo de guindastre.
- Un/ha administrativo/a nas oficinas.
- Unha liña telefónica e unha dirección de e-mail de atención aos usuarios.

* A proporcionar é policía local efou persoal designado para iso polo concello adherido ao servizo, a formación pertinente para a xestión dos posibles vehículos a tratar, así como os protocolos de actual n. Neste senso, ademais do asesoramento continuo ao longo do contrato, ao inicio do mesmo deberá impartir un curso de formación dirixido aos responsables dos concellos encargados da tramitación dos expediente relacionados coa retirada dos vehículos abandonados na vía pública.

* A remitir á Deputación Provincial de Pontevedra un informe mensual dos vehículos tratados indicando tipo, matrícula, concello onde foi recollido, as incidencias que puidesen presentarse (precinto, etc.) e calquera outra cuestión relevante para o servizo.

b) Obrigas do Concello

O Concello comprométese ao seguinte:

* A autorizar á empresa adxudicataria a recollida dos vehículos abandonados emprazados no seu termo municipal para o seu tratamento e descontaminación, unha vez feita a tramitación administrativa pertinente.

* No caso de vehículos abandonados, a proporcionar á empresa adxudicataria a información e a documentación necesaria para a súa recollida e posterior descontaminación e baixa en tráfico; entre eles, o oficio da Policía (ou persoa responsable do Concello) conforme o levantamento do vehículo a tratar. Este oficio deberá identificar a cor e o modelo, a situación do vehículo a retirar e o número da matrícula, e no caso de carecer dela, o número do chasis (todos estes procesos administrativos serán debidamente informados pola empresa aos técnicos/as ou responsaoles municipais.)

* A identificar os datos da persoa propietaria do vehículo, o seu D.N.I. e a facilitar unha fotografía do vehículo, si se atopara na vía pública.

* A colaborar coa empresa adxudicataria remitindo toda a información que lle solicite en relación coa correcta prestación do servizo vía e-mail.

* A designar a unha persoa de contacto entre a empresa adxudicataria e o Concello para as cuestións relacionadas co funcionamento deste servizo, sexa desde o punto de vista loxístico como de seguridade.

* A non contratar nin establecer outro servizo igual ou parecido durante o período de vixencia deste Convenio.

* A enviar todos os vehículos abandonados do seu termo municipal, sen facer distincións.

* A non realizar operacións previas de desmonte de pezas ou compoñentes dos vehículos, tratando de entregalos sempre nas condicións mínimas esixidas no artigo 5.1 do RD 265/2021 para que a entrega do vehículo non supoña coste algún para o titular, isto é, que os vehículos conteñan, polo menos a carrocería e o grupo motopropulsor e que non inclúan outros elementos non pertencentes aos mesmos nin se lle realizou ningún tipo de operación previa de

desmonte de compoñentes, partes ou pezas.

** A almacenar polo menos varios vehículos para trasladalos ao CAT e así facilitar o transporte.*

** A asistir ao curso de formación que impartiré ao inicio do contrato a empresa adxudicataria dirixido ás persoas responsables do concello encargadas da tramitación dos expedientes relacionados coa retirada dos vehículos abandonados na vía pública.*

** Unha vez retirado o vehículo da vía pública, o trámite de baixa definitiva é irreversible, polo que a empresa non é responsable das posibles reclamacións das persoas propietarias, recaendo dita responsabilidade nos Concellos xa que son eles os que deben resolver os trámites administrativos antes do levantamento do vehículo.*

c) Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:

** Asumir a xestión do servizo nos termos previstos no presente convenio.*

** Aboar á empresa adxudicataria os custos derivados da prestación do servizo obxecto do presente convenio, de acordo cos termos establecidos para a execución do contrato no acordo de adxudicación do mesmo.*

Estes custos serán aboados con cargo 4 aplicación orzamentaria 923.1621.227.99.

** A comunicarlle ao concello calquera modificación na prestación dos servizos.*

Terceira.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá unha duración de dous anos a contar desde a súa sinatura, prorrogable dous anos mais por mutuo acordo das partes, sempre que se prorrogue o contrato que rexe a prestación deste servizo.

Cuarta.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dúas persoas representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente/a da mesma unha das representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

Quinta.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PROVINCIAL DE CONVENIOS

Os datos do convenio foron incorporados no rexistro provincial de convenios (CIVIDAS) aos efectos do cumprimento das obrigas de comunicación ao Tribunal de Contas, en aplicación do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas- Resolución de 2 de decembro de 2016), en relación co disposto na Resolución Presidencial nº 2017008767, de 3 de maio de 2017.

Sexta.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do Convenio:

- a) A renuncia unilateral con preaviso de dous meses ou por mutuo acordo
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- c) O vencemento do prazo de vixencia
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do mesmo

Sétima.- LEXISLACION APLICABLE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, e no seu defecto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e demais normas de dereito administrativo.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio e a un só efecto.

Pola Deputación de Pontevedra
Don Luis López Diéguez

Polo Concello de
D.”

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo ó Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para levar a cabo o mesmo.

Expediente 1092/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NO CENTRO DE MEDELO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG

núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente autorización do Concello de Silleda asinada o 14 de outubro de 2021, na que se autoriza a Don Anxo Antón Queiruga Vila, con DNI nº ***789***, actuando en nome e representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, con CIF G32115941, para a realización de obras de mellora no Centro de Medelo, construído pola propia Confederación en virtude do Convenio de Cesión de Uso asinado, o día 21 de decembro de 2005, có Concello de Silleda, a través do que COGAMI se comprometía a construción, na parcela cedida, dun centro de atención integral e prelaboral para persoas con discapacidades residentes na comarca do Deza, e a área de influencia, centro que agora queren mellorar mediante a execución de diversas obras.

2º.- Consta no expediente o Convenio de Cesión de Uso asinado, o día 21 de decembro de 2005, entre o Concello de Silleda e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade.

3º.- Consta no expediente os presupostos e proxectos de cambio de luminaria, conservación de fachada e conservación de carpintería.

4º.- Consta no expediente resolución de **autorización das obras** por parte do Organismo competente en materia da protección do patrimonio cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades debido a que as obras se proxectan sobre un ben inmovible catalogado (16.06).

5º.- Consta no expediente o abono da taxas.

6º.- Consta no expediente xustificante de presentación de **declaración responsable** ante o Organismo de Conca debido a obrar en zona de policía do cauce identificado como: IDCURSO – 983640004657.

7º.- Consta **informe favorable** do Enxeñeiro de Portos Camiños e Canles, Don Román Gómez Fraiz, asinado o 11/12/2023, que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 1092/2023

ASUNTO: OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NO CENTRO DE MEDELO

PROMOTOR: CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

ORZAMENTO: 126.658,57 € -estimado-

SITUACIÓN: Lugar de Medelo, nº 62; 36570, Manduas (Silleda), parcela 862 polígono 510 e referencia catastral 36052C510008620001YT

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural Tradicional

AUTOR DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA: D. Javier López Taboada –Deseñador de interiores Colexiado, nº GA-254-.

Vista a documentación que integra a solicitude de licenza urbanística recollida no expediente núm. 1092/2023, incoado por D. Anxo Antón Queiruga Vila, actuando en nome e representación da

Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI), para a conservación e mantemento do CENTRO DE MEDELO, sito no Lugar de Medelo, nº 62; 36570 da parroquia de Manduas (Silleda), parcela 862 polígono 510 e con referencia catastral 36052C510008620001YT;

INFORMO:

1.NORMATIVA DE APLICACIÓN

Ordenación do territorio e Urbanismo:

- *Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio.*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia -en adiante LSG-.*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia -en adiante RLSG-.*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.*
- *Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*
- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.*
- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 1 de xaneiro do 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda –DOG núm. 14, do 20 de xaneiro-, con publicación normativa o 8 de maio do 2023 –BOPPO núm. 87, do 8 de maio do 2023-.*

Patrimonio:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *INSTRUCCIÓN do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortiguación.*
- *RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2019 pola que se da publicidade da Instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

Desenvolvemento rural:

- *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.*

Servidume aeronáutica:

- *Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.*
- *Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.*
- *Real Decreto 369/2023, do 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, e modifícase o Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro,*

sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.

- Real Decreto 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago.

Augas:

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas.
- Ley 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba ou Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e régulanse determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Orde do 18 de febreiro de 2020 pola que se aproba o modelo de declaración responsable para realización de actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e zona de policía.
- Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- Orde do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.

2. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

PRIMEIRA.- As obras proxectadas responden ás seguintes actuacións:

- FACHADAS:

“En primer lugar, se procederá al picado de cemento, cales y barro existentes en los muros de mampostería de granito, abriendo las juntas para posterior limpieza con hidrolimpiadora de alta presión. De resultar necesario se utilizará un desincrustante, inocuo para el medio ambiente, para facilitar la eliminación de restos resistentes a la alta presión.

Se aplicará mediante máquina de encintado de mortero hidrofugado para mampostería, de utilización tanto interior como exterior. Se realizará la compresión del mortero de modo manual, reponiendo las piezas de mampostería donde existan faltas. Posteriormente se eliminará el mortero sobrante y se esponjarán las juntas.

Se aplicará mediante máquina sulfatadora fluido sellador y consolidador sobre las fachadas, para crear sobre la piedra y las juntas una película que proporcione consistencia y evite la absorción de humedad, impidiendo la aparición de hongos, eflorescencias o verdín.

Una vez finalizados los trabajos de encintado se procederá a la recogida de los residuos resultantes de la limpieza y encintado para su posterior reciclado”.

- COBERTIZO

“Se realizará un trasdosado interior de fábrica de bloque de hormigón, con disposición de correas de hormigón pretensado, sobre las que se colocarán planchas de fibrocemento y será rematado con teja cerámica curva”.

- **CARPINTERÍA**

“Se repararán todas las carpinterías exteriores del centro, por interior y exterior. Se procederá al lijado de todas las superficies de madera, con posterior pintado en el mismo color que el existente, reponiendo las piezas que se encuentren en mal estado, comprobando el funcionamiento de herrajes, ajustes de cierre y sellado de cristales, así como de carminterías contra los muros.

Se sustituirá una zona de techo revestida con tablero OSB, deteriorado debido a la entrada de agua a través de la cubierta.

Se repararán además 2 puertas interiores que cuentan con el mismo tratamiento que la carpintería exterior.

Se sustituirán 2 puertas existentes en los aseos, debido a que se encuentran deterioradas por la humedad.

Se instalarán 2 puertas correderas con guía superior en dos huecos de paso existentes.

Se instalarán armarios en varios locales del centro, realizados con tablero plastificado en blanco”.

- **LUMINARIAS**

“Cambio de luminarias do centro por luces LED”.

A criterio do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos que suscribe, enmárcanse, según se determina no Art. 136 das Normas Urbanísticas de planeamento (en adiante **NORMAS**), no tipo:

“...
“

b) **OBRAS DE CONSERVACIÓN:** Son aquelas cuxa finalidade é a de manter o edificio en correctas condicións de salubridade, habitabilidade, confortabilidade e ornato, sen alterar as súas características morfolóxicas ou distribución.

“...
“

SEGUNDA.- As obras proxéctanse sobre un **ben catalogado** no planeamento (**16.06**), cun nivel de protección estrutural, establecendo a ficha do elemento catalogado as obras permitidas como as permitidas segundo o seu nivel de protección.

Determinase no punto 2 do Art. 425.- **NIVEL II.- PROTECCIÓN ESTRUCTURAL** das **NORMAS**, as actuacións autorizables nos elementos con nivel de protección estrutural:

“...
“

De conformidade co disposto no Art. 42.2 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección estrutural as seguintes:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.

“...
“


TERCEIRA.- De conformidade co Art. 51.- **ACTOS SUXEITOS A LICENCIA DE OBRA** das **NORMAS**, as actuacións que se pretenden enmárcanse no punto 2 do referido artigo:

“...
“

2. As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares

características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
...

CUARTA.- A parcela onde se localiza a edificación está clasificada no actual planeamento en vigor como **solo de núcleo rural tradicional**. A regulación deste solo e para este particular establécese no artigo 318 en condicións xerais e do 322 ao 328 das **NORMAS**.



QUINTA.- En relación á normativa de aplicación e en base ao criterio técnico do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos que suscribe, as actuacións definidas na documentación técnica presentada precisan, respecto das autorizacións sectoriais, de:

- Resolución de **autorización das obras** por parte do Organismo competente en materia da protección do patrimonio cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades debido a que as obras se proxectan sobre un ben inmovible catalogado (16.06). Consta no expediente.
- Xustificante de presentación de **declaración responsable** ante o Organismo de Conca debido a obrar en zona de policía do cauce identificado como: IDCURSO – 983640004657. Consta no expediente

SEXTA.- A documentación técnica presentada, a criterio do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos que

suscribe e en relación coas obras proxectadas, **cumpre** co Art. 37.- REQUERIMENTOS PARA AS SOLICITUDES DE LICENZAS EN ELEMENTOS CATALOGADOS E NOS SEUS CONTORNOS DE PROTECCIÓN das NORMAS.

SÉTIMA.- Atendendo ás determinacións do Art. 53.- REQUISITOS PARA A SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA das NORMAS, consta no expediente, de ser o caso, a seguinte documentación:

- a) Instancia, ou no seu caso, impreso normalizado, no que conste: Nome, apelidos, DNI, teléfono e domicilio do solicitante. Consta.
- b) Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral. Consta.
- c) Xustificante de pagamento dos tributos municipais. Consta.
- d) Proxecto técnico completo redactado por técnico competente,... Non procede.
- e) Cando non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo. Consta.
- f) No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada. Non procede.
- g) Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras. Non procede.
- h) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles. Constan.
- i) De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal. Non procede.
- j) Impreso de datos estatísticos relativos ás características da edificación. Non procede.
- k) Autorización da comunidade de propietarios cando a obra afecte a elementos comúns e non sexa promovida pola propia comunidade. Non procede.
- l) Compromisos urbanísticos e cesións de terreos sobrantes necesarios para vía pública. Non procede.

3.CONCLUSIÓN

Realizada a análise técnica da documentación presentada en relación coa competencia municipal de concesión da licenza urbanística solicitada, **INFÓRMANSE FAVORABLEMENTE** as obras de conservación do Centro de Medelo definidas na referida documentación e proponse para o outorgamento da licenza de obras con arreglo ás condicións establecidas na resolución sectorial de autorización das obras referida na consideración quinta.

O que se informa aos efectos oportunos.

En Silleda, na data da sinatura electrónica.
Román Gómez Fraiz
Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos”

8º.- Consta informe xurídico favorable asinado o 15/12/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a **Don ANXO ANTÓN QUEIRUGA VILA**, con DNI nº ***789***, actuando en nome e representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, con CIF G32115941, **Licenza de obras de ARRANXO DE CUBERTA, OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NO CENTRO DE MEDELO**, Lugar de Medelo, nº 62; 36570, Manduas (Silleda), parcela 862 polígono 510 e referencia catastral 36052C510008620001YT, Silleda-Pontevedra; de acordo ca documentación que deu lugar ó informe favorable do Enxeñeiro de Portos Camiños e Canles, Don Román Gómez Fraiz, asinado o 11 de decembro de 2023.

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condicións:

- A limpeza da pedra farase manualmente con cepillo de sedas vexetais, empregando auga e xabón neutro, respectando as pátinas existentes. O tratamento será moi lixeiro, prohibíndose expresamente os métodos agresivos, como chorreo de area ou auga a alta presión.
- Elimínase a vexetación enraizada, mediante a corta das raíces, pero sen arrincalas. Non se empregarán herbicidas sobre as pedras nin outras substancias químicas que poidan danar a pedra.
- Non se empregarán morteiros de cemento; só os tradicionais a base de cal ou ben de cal e arxila, se fose pertinente.
- No cobertizo coidarase que as capas intermedias da cubrición non queden vistas en ningún punto do perímetro da cuberta e os beirados da cuberta configúranse só polo material de cobertura – a tella cerámica.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 644/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Expediente de legalización de local destinado a actividade de Cafetería Bar.**Favorable****Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento****LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia. (En adiante PBA)
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta escrito presentado por **Antonio Val Asorey**, con DNI ***092***, administrador de VAL SALGUEIRO, S.L., con CIF B94132693, o día 22/04/2022.

2º.- Consta póliza e pago do seguro de responsabilidade civil relacionado coa actividade.

3º.- Consta no expediente unha Memoria final de obra de Acondicionamento de local para cafetería e pub.

4º.- Consta no expediente acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de maio de 2017, notificado ó interesado con Rexistro de Saída nº 740 o 01 de xuño de 2017, no que se concedía licenza de obra e licenza provisional de actividade (Consta no expediente pago da tasa).

5º.- Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para legalizar as obras no baixo nº 53 da rúa Xeral da localidade de Bandeira, no termo municipal de Silleda (Pontevedra), asinada o 16/03/2022.

6º.- Consta no expediente Proxecto de legalización redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Juan Carlos Bardelás Lamas, Col. 458 COITIOU, visado nº V210217 o 26/05/2021.

7º.- Consta no expediente informe da Arquitecta Técnica do Concello de Silleda, Dona María Luisa Presas Rodríguez, asinado o 17/11/2022, no se informa sobre a necesidade de requirir ó interesado para que presente unha serie de documentación.

8º.- Consta no expediente o requirimento realizado por parte do Concello e a presentación dun novo Proxecto de Expediente de Legalización de Local destinado a actividade de Cafetería-Bar, asinado por Don Juan Carlos Bardelás Lamas, Col. 458 COITIOU, visado nº V220567 o 16/12/2022.

9º.- Consta no expediente o pago do imposto e a taxa correspondente.

10º.- Consta no expediente a escritura notarial de constitución da entidade "VAL SALGUEIRO, S.L."

11º.- Consta informe da arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, de

data 22/02/2023, no que se informa novamente sobre a necesidade de resolver unha serie de eivas atopadas na documentación presentada.

12º.- Realízase requirimento ó interesado o 05/03/2023.

13º.- Con rexistro de entrada número 2023-E-RE-249 do 05 de marzo de 2023 preséntase a documentación por parte dos interesados que emenda as deficiencias requiridas.

14º.- Consta no expediente **informe favorable** á legalización do local destinado a actividade de Cafetería Bar, sito Rúa Xeral, Nº 53 baixo, Bandeira (Silleda) (Referencia catastral 6913012NH5361S0129WE), asinado pola arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, de data 07/04/2023.

O informe favorable da arquitecta recolle o seguinte:

“EXPEDIENTE: 644/2022

ASUNTO: Legalización de local destinado a actividade de Cafetería Bar

SITUACIÓN: Rúa Xeral, Nº 53 baixo, Bandeira (Silleda) (Referencia catastral 6913012NH5361S0129WE)

SOLICITANTE: VAL SALGUEIRO S.L (Representante Antonio Val Asorey)

TÉCNICO: Juan Carlos Bardelas Lamas (Enxeñeiro técnico industrial colexiado nº 458)

Informe que se emite na continuidade de tramitación do presente expediente:

1. **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente en data 04 de xuño de 1981 (En adiante PXOM)*
- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 23 de decembro de 2022, pendente de entrada en vigor*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG)*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.*
- *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- *Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.*

2. **ANTECEDENTES:**

1. *Remítese aos do expediente administrativo.*
2. *O 22.02.2023 emítese informe técnico requirindo aos interesados a emenda e necesaria adaptación do rótulo do establecemento existente.*
3. *O interesado con RE 249 do 05.03.2023, presenta un escrito non que pon de manifesto a modificación realizada no rótulo do establecemento de acordo ao requirimento afectuado. Achega fotografía.*

3. **INFORME:**

3.1. **Aspectos requiridos a emendar:**

- *Analízase a continuación o cumprimento e presentación da documentación pendente requirida en anteriores informes técnicos:*

- *Modificación das consideracións realizadas no apartado 3, respecto ó proxecto de legalización e na fachada cambiar o rótulo existente:*

Eliminación da palabra “Disco” do rótulo existente, en denominación e categorización de actividade. Descrición visible “BAR KIZOMBA” en rótulo lonxitudinal en linteis oco de acceso ao local e denominación “CAFÉ-BAR” en bandeirola.

- *Respecto dos restantes puntos en necesario análise e xustificación de cumprimento, reitérase a análise realizada no anterior informe técnico emitido en data 22.02.2023, en cumprimento e presentación da documentación requirida. Documentación incluída no proxecto con denominación “EXPEDIENTE DE LEGALIZACIÓN DE LOCAL DESTINADO A ACTIVIDAD DE CAFETERÍA-BAR” asinado en decembro de 2022 polo enxeñeiro industrial Juan Carlos Bardelas Lamas, visado polo colexio oficial correspondente con número de visado V220567 do 16.12.2022.*

CONCLUSIÓN:

Conforme os termos e análise realizada, infórmase no ámbito que compete, FAVORABLEMENTE a viabilidade das obras de legalización de acondicionamento interior do establecemento sito na rúa Xeral, Nº 53 baixo, Bandeira (Silleda) (Referencia catastral 6913012NH5361S0129WE), para o futuro desenvolvemento dunha actividade de carácter recreativo de CAFETERÍA-BAR. (Epígrafe establecemento aberto ao público III.2.5.2. e III.2.5.3. conforme Catálogo Decreto 124/2019, do 5 de setembro), conforme o proxecto técnico presentado, redactado e asinado polo enxeñeiro industrial Juan Carlos Bardelas Lamas, colexiado nº 458; coa observancia dos seguintes condicionantes:

1º.- Deberá presentarse, nos termos do artigo 40 da LECEGA e 11 do RIAE, Declaración Responsable respecto do inicio da actividade de Cafetería-bar a desenvolver. Esta declaración, deberá vir acompañada da documentación certificatoria final seguinte: Certificado final das obras asinado polo técnico director; Certificado acústico actual; e póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos (Capital mínimo conforme DT3ª LEPAR).

O que se informa aos efectos oportunos.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

A arquitecta técnica

Verónica Chaves González”

15º.- *Consta informe xurídico asinado o 15 de decembro de 2023.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a

actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

O Artigo 142 recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.
2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:
 - a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
 - b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
 - c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
 - d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
 - e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
 - f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
 - g) A primeira ocupación dos edificios.
 - h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
 - i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.
3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

SEGUNDO.-NECESIDADE DE SOMETEMENTO A LICENZA DE A ACTUACIÓN REALIZADA.

As obras descritas carecen de licenza municipal, sendo a mesma necesaria para executalas ao atoparse comprendidas entre as citadas tanto no artigo 142.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do chan de Galicia, así como no 351 de o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

TERCEIRO.- COMPETENCIA.

De acordo co artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competente para resolver o presente procedemento o Alcalde, pero éste ten as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local dende o Decreto 2023-0524 con data 27 de xuño de 2023.

CUARTO.- PROCEDEMENTO A SEGUIR.

O procedemento para o outorgamento das licenzas atópase regulado no artigo 143 da LSGA.

As solicitudes de licenzas deberán de ir acompañadas de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, excepto que se trate, de obras menores, non sendo este o caso.

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda. En ningún caso entenderanse concedidas por silencio administrativo en contra da ordenación territorial ou urbanística.
2. A competencia para o outorgamento das licencias correspóndelle por delegación da Alcaldía á Xunta de Goberno Local.
3. Para o outorgamento da licenza serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
4. As solicitudes das licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse do proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente. Unha vez que se presenta no Concello o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.
5. As peticións das licenzas resolveranse nun prazo de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.
- 6º. Deberase cumprir o artigo 66.6 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes estes serán de uso obrigatorio polos interesados, deste xeito cando se revise unha solicitude de licenza urbanística por parte do Concello deberá revisarse o cumprimento do artigo 66 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, e 353 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, antes de entrar a revisar e informar sobre o fondo do asunto, debendo requirirse ao interesado a emenda dos defectos observados coa advertencia de entendela desistido de non cumprimentarse os requirimentos nos prazos concedidos previa resolución expresa.

Debemos ter en conta que segundo establece a [Lei 2/2016, do 10 de febreiro]([javascript:Redirection\('LE0000569051_Vigente.HTML'\)](#)), do solo de Galicia, a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente.

Con todo, poden darse situacións nas que se leven a cabo ese tipo de actuacións sen contar coa correspondente licenza infrinxindo, polo tanto, a legalidade. Neses casos entra en xogo a posibilidade de levar a cabo unha legalización das actividades.

De conformidade co disposto no [artigo 153 da citada Lei 2/2016, do 10 de

febreiro](javascript:Redirection('LE0000569051_Vigente.HTML#I1104')), do solo de Galicia, se estivesen acabadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar dende o remate total das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior. Tomarase como data de remate das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

A iso engade o [artigo 377 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro](javascript:Redirection('LE0000584981_Vigente.HTML#I3165')), polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia que se considera que son obras totalmente rematadas aquelas que se atopen dispostas para servir ao fin ao que estivesen destinadas e en condicións de ser ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, cando así o recoñeza a Administración actuante.

Este Regulamento completa e pecha a regulación en materia de urbanismo na Comunidade Autónoma de Galicia, supoñendo, tal e como sinala a súa exposición de motivos, por primeira vez unha normación íntegra de todos os aspectos relacionados co réxime xurídico do solo, o planeamento, a xestión e a disciplina urbanística.

Iso implica que o Regulamento pasa a incorporar integramente todas aquelas cuestións que ata a súa publicación se aplicaban nesta Comunidade Autónoma e que estaban contidas nos regulamentos de planeamento e xestión urbanística estatais, os cales quedaron relegados a un papel practicamente testemuñal como dereito supletorio para o improbable caso de que a regulación galega presente algunha carencia normativa.

Polo que se refire ao procedemento a seguir en relación coas obras rematadas que poden ser obxecto de legalización, debemos tomar en conta que, de conformidade co [Decreto 143/2016, do 22 de setembro](javascript:Redirection('LE0000584981_Vigente.HTML')), o procedemento iniciase mediante unha providencia da alcaldía que debe ser notificada aos interesados a fin de que poidan expor, fronte a dita incoación, as alegacións que consideren de interese. Neste caso foi o propio interesado o que presentou a documentación coa finalidade de legalizar a obra realizada.

Posteriormente, tramitado o expediente e previa audiencia aos interesados; de conformidade co [art. 152.3 b) da Lei 2/2016](javascript:Redirection('LE0000569051_Vigente.HTML#I1094')), ao que remite o art. 153.1 da mesma norma:

"se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase o derrubamento das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar".

SEXTO.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, non podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso.

SÉTIMO.- CARÁCTER REGRADO E CLÁUSULA AGÁS O DEREITO DE PROPIEDAD E SEN PREXUÍZO DE TERCEIROS.

A licenza urbanística é un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de carácter regrado, por virtude do que se leva a cabo un control previo da actividade proxectada polo administrado, verificando se se axusta ou non á ordenación urbanística, tendo pois a licenza unha natureza estritamente regrada, polo que se outorgará ou denegará, preceptivamente, segundo que a actuación pretendida se axuste ou non a tal ordenación, sen que o órgano competente para isto poida tomar a súa decisión en base a consideracións doutro tipo (STS 02.04.98 e 16.03.98, entre outras e arts. 350.1 RLSG e 143.1 LSG). Debido a este carácter regrado, as licenzas urbanísticas deben outorgarse ou denegarse segundo que a actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable.

De conformidade co art. 350.3 do RLSG, as licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. No outorgamento da licenza examínase a legalidade urbanística, o que impide que sexan cuestionadas e decididas cuestións sobre a titularidade dominical dos terreos. A través da licenza urbanística a Administración municipal actúa un control de legalidade, pero non de legalidade en xeral, senón da legalidade urbanística. De aquí deriva que non corresponde á Administración controlar, a través da licenza, a titularidade dominical dun terreo sobre o que se pretende construír, xa que o control que implica a licenza refírese aos aspectos urbanísticos da actuación proxectada e non a cuestións de propiedade, agás que a licenza solicitada afecte ao dominio público, ou incluso a bens patrimoniais de titularidade municipal (SSTS 25.07.89, 03.07.91, art. 11.3 RDUG actualmente derogado).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a **LEGALIZACIÓN DO LOCAL DESTINADO A ACTIVIDADE DE CAFETERÍA BAR**, sito Rúa Xeral, Nº 53 baixo, Bandeira (Silleda) (Referencia catastral 6913012NH5361S0129WE) de acordo ao Proxecto e documentación complementaria presentada, asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Juan Carlos Bardelás Lamas, Col. 458 COITIOU.

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condicións:

- Deberá presentarse, nos termos do artigo 40 da LECEGA e 11 do RIAE, Declaración Responsable respecto do inicio da actividade de Cafetería-bar a desenrolar. Esta declaración, deberá vir acompañada da documentación certificatoria final seguinte: Certificado final das obras asinado polo técnico director; Certificado acústico actual; e póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas

de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos (Capital mínimo conforme DT3ª LEPAR).

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acto que pon fin á vía administrativa aos interesados, con indicación do réxime de recursos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE